

Prazo especial para a incorporación voluntaria dos alumnos que comencaran os seus estudos conforme as anteriores ordenacións ás novas ensinanzas de grao no curso académico 2009-2010.

Faise necesario establecer o procedemento de acceso ás novas ensinanzas para que aqueles alumnos que o soliciten teñan asegurado este dereito.

1) **Consulta previa á incorporación as ensinanzas de grao desde as ensinanzas anteriores á ordenación que establece o RD 1393/2007.**

Ábrese un prazo especial, **desde o día 13 de xullo ao 2 de outubro de 2009,**

para que os alumnos interesados en incorporarse ás ensinanzas de grao poidan consultar previamente as taboas de equivalencias entre titulacións.

2) **Procedemento de incorporacións as ensinanzas de grao desde as ensinanzas anteriores á ordenación establecida no R.D. 1393/2007.**

Os alumnos interesados que así o soliciten, despois de efectuar as consultas necesarias entre táboas de equivalencias obterán os recoñecementos que procedan en cada caso para incorporarse as ensinanzas de grao, que se realizarán tendo en conta todos os cursos do novo plano de estudos.

- A partir do momento en que fan dita solicitude, o seu expediente académico quedará vinculado a nova ordenación académica sen posibilidade de volver a ordenación académica anterior, e que o dereito a matrícula estará ligado á oferta que anualmente realice a universidade da Coruña conforme ao plano de implantación dos novas ensinanzas oficiais que esta aprobado.
- Dentro do prazo especial indicado os alumnos interesados **cubrirán e entregarán o documento que consta como anexo I**, acompañado da "Aplicación informática para simulación de adaptacións Licenciatura Grao", **debidamente cuberta e asinada** polo solicitante, que se atopa na páxina web do INEF.
- Unha vez entregado os documentos mencionados no punto anterior, os alumnos poderán matricularse do **21 de setembro ao 23 de outubro de 2009.**
- Os recoñecementos para incorporación ás novas ensinanzas, realizaranse sen lles cobrar taxas ás persoas solicitantes.